

INTERVENCIÓN CON MENORES CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL

PRESENTAN ESTAS CARACTERÍSTICAS:

- Predominio do pensamento concreto.
- Pouca habilidade para o pensamento abstracto.
- Atraso na aprendizaxe da lingua (algúns non o conseguen).
- Lentitude en procesar os datos e no tempo de reacción.
- Non comprenden o concepto de tempo.
- Dificultade para comunicarse.
- Falta de memoria nalgunhas situacións.
- Diferenzas no desenvolvemento emocional e nas respostas emocionais. Alteracións de conduta e psicolóxica ante os cambios. Non os aceptan.
- Necesidade imperiosa de regras e rutinas. Un mundo estruturado achégalles estabilidade para realizar as súas actividades e nas súas relacións sociais.

Se cando damos a noticia non observamos ningunha resposta débese a que:

- ✓ *Lles custa identificar os seus propios sentimentos.*
- ✓ *Adoitan retardar a resposta de dó.*
- ✓ *Requiren dun ritmo diferente para a elaboración do dó.*
- ✓ *Teñen unha capacidade distinta para percibir o tempo.*

No caso doutras discapacidades físicas ou sensoriais, a intervención en dó segue as mesmas pautas que nos demais casos, agás se existe unha gran dependencia funcional coa persoa falecida.

ATENCIÓN AOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN

- A información aos medios debe ser ofrecida por unha soa persoa e sempre a mesma (director/a ou persoa en que delegue).
- A información debe ser clara e precisa, atendendo aos **feitos confirmados**.
- É moi importante protexer os/as menores da súa influencia e acoso, así como o seu dereito á privacidade da súa persoa e imaxe, marcando unha distancia de seguridade entre o centro educativo e os medios.
- Debe terse en conta, especialmente no caso do alumnado maior de 12 anos, o uso que poden facer das redes sociais, publicando vídeos, imaxes ou comentarios, podendo crear ou dar veracidade a rumores sobre o acontecido.

© Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, 2014
R.X.P.I.: 03/2014/1391
Depósito legal: C1149-2015



PROTOCOLO DE ACTUACIÓN EN CENTROS EDUCATIVOS

GUÍA BREVE PARA O ASESORAMENTO E INTERVENCIÓN

Grupo de Intervención Psicolóxica
en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE)
do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

Espiñeira, 10 - Baixo
15706 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 534 049. Fax: 981 534 983
copgalicia@cop.es
www.copgalicia.es

PAUTAS DE COMUNICACIÓN A MENORES

- Dar a información necesaria respondendo as dúbidas e temores, evitando eufemismos, con respostas curtas, comprensibles, adaptadas á idade e á capacidade emocional, explicándolles o que é a morte, atendendo fundamentalmente ao que ten de irreversible, definitiva e final.
- Comunicar o incidente aos/ás irmáns/irmás e atendelos/as.
- Valorar positivamente as accións realizadas.
- Proporcionar información clara e adecuada sobre o sucedido, transmitindo calma e partindo do que xa saben.
- Destacar a **excepcionalidade** do incidente crítico ocorrido e abordar as súas posibles consecuencias.

PAUTAS DE COMUNICACIÓN CON FAMILIAS

- Comunicar á familia o sucedido o antes posible, transmitindo serenidade, valorando a forma máis adecuada posible: por teléfono, reunión...
- Aconsellar ás familias que falen cos/as fillos/as sen ocultar a situación e transmitindo tranquilidade, apoio e seguridade:
 - ✓ *Non mentir.*
 - ✓ *Dicir só aquilo que o/a neno/a poida entender.*
 - ✓ *Non dar máis información da que necesite e poida asumir.*
 - ✓ *Responder as preguntas que os/as nenos/as fagan sobre o que pasou.*
- Permitir e respectar a expresión ou non, de sentimentos e emocións. Os adultos poden servir de modelo de expresión do dó.
- Estar física e emocionalmente próximos e dispoñibles para o momento en que o necesiten.
- Facilitar a asistencia aos ritos funerarios, se desexan asistir, explicándolles previamente o que van presenciar.
- Restablecer as seguridades e o cotián o antes posible (rutinas, pautas e horarios) sen esquecer límites e normas.
- Informar de posibles reaccións dos seus fillos e fillas e prestar atención a signos de alerta (ver *Guía de autoaxuda* http://copgalicia.es/PDF/Guia_autoaxuda.pdf).

Sobreprotexer os/as menores, tentando evitar o seu padecemento, pode ser interpretado como un xeito de non telos/as en conta.

XESTIÓN DO DÓ NO CENTRO EDUCATIVO

INTERVENCIÓN A NIVEL INDIVIDUAL:

- Priorizar a atención a aquelas persoas que presenciaron o suceso.
- Atender individualmente a aquelas persoas que o requiran facilitando o desafogo e a expresión de emocións.
- Recomendar pautas de autocoidado.

INTERVENCIÓN A NIVEL GRUPO-AULA:

- Dedicar unha atención especial á clase do alumnado afectado.
- Permitir, aceptar e normalizar a expresión de sentimentos e emocións, facilitando as reaccións e a expresión dos mesmos, dándolles validez.
- Considerar a situación dos obxectos da vítima: mesa, fichas de traballo, material, cama...
- Dar voz aos alumnos e alumnas sobre temas importantes como a organización dos ritos no centro e na aula, sempre dependendo da idade.
- Propoñer a realización de tarefas adaptadas á idade e ás circunstancias (debuxo, carta...).

A persoa máis indicada para intervir co grupo de alumnos e alumnas será a máis próxima e menos afectada emocionalmente.

INTERVENCIÓN A NIVEL DO CENTRO:

- Planificar as actuacións dos seguintes días ou semanas do acontecido, recollendo todas as suxestións, reconducíndoas e apoiando as súas decisións:
 - ✓ *Ritual: acompañamento á familia, despedida do centro, homenaxe, memorial, visitar o cemiterio...*
 - ✓ *Símbolos: globos, flores, candeas, poesías, música, necrolóxica, recordatorios, mural...*
 - ✓ *Acordar unha data de peche dos actos no centro.*
- Manter na medida do posible as rutinas, actividades e horarios.
- Propoñer que introduzan o tema da morte como algo natural e inevitable: o ciclo da vida onde “*non hai vida sen morte*”.
- Explicar os conceptos de perda e morte que se involucran no dó e o seu proceso: separación dos pais, morte dunha mascota...